



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


Decembro 2017

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Decembro 2017


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de decembro en Galicia un aumento do 1,5% respecto ao mesmo mes do ano anterior. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 4,4%.
- O Comercio aumenta a súa facturación o 1,1% e os Outros servizos o 3,0%.
- No ano 2017, o indicador de actividade do sector servizos medrou en Galicia un 7,8%, 1,5 puntos máis que en España (6,3%).
- O persoal ocupado no sector servizos aumenta un 2,0% en Galicia, tres décimas menos que en España (2,3%).
- No conxunto do ano, o emprego no sector servizos creceu un 2,3%, tres décimas menos que no conxunto do Estado (2,6%).
- En todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios no mes de decembro. Galicia é a comunidade con menor crecemento.
- No conxunto do ano 2017, todas as comunidades rexistran taxas positivas. Galicia é a cuarta comunidade con maior incremento.
- En todas as comunidades crece a ocupación no mes de decembro. Galicia é a quinta comunidade co menor incremento do emprego.
- No ano 2017, en todas as comunidades aumenta o emprego. Galicia é a sétima comunidade con menor incremento.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de decembro en Galicia un crecemento do 1,5% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 7,2 puntos menos que no mes de novembro. O índice para España amosa un aumento do 4,4% respecto ao mes de decembro de 2016, taxa 3,4 puntos inferior á rexistrada no mes anterior.



A cifra de negocios no mes de decembro en Galicia rexistra a taxa máis baixa desde principios de 2015, debido principalmente ao menor crecemento do *Comercio*. En decembro, o *Comercio* crece un 1,1%, case nove puntos menos que no mes anterior, co que achega 0,9 puntos á taxa de variación anual; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 3,0% e achegan 0,7 puntos a taxa de variación do índice xeral.

En España o *Comercio* incrementa a súa cifra de negocios o 3,9%, 2,8 puntos máis que en Galicia e os *Outros servizos* aumentan o 5,2%, superando en 2,2 puntos a taxa galega.

O incremento da facturación en Galicia ven motivado polo *Comercio por xunto*, que aumenta o 1,0% e o *Comercio ao retalho*, que crece un 2,0%, co que achegan 0,5 puntos cada un a taxa de variación do índice xeral. Pola contra, a *Venta e reparación de vehículos* diminúe a súa facturación, -2,5%. Os *Outros servizos* aumentan a cifra de negocios en Galicia o 3,0%.

A nivel nacional, o *Comercio por xunto* é o que máis repercute no incremento do índice xeral, 1,4 puntos, cun crecemento do 4,0%; seguido polas *Actividades profesionais, científicas e técnicas* que achegan 0,7 puntos, cunha taxa do 8,3%.

No conxunto do ano, o índice de cifra de negocios crece un 7,8% en Galicia e un 6,3% en España. O sector con maior repercusión no incremento do índice xeral, tanto en Galicia como en España, é o *Comercio por xunto*, con taxas do 11,8% e 7,5% respectivamente.

Todos os sectores rexistran, no ano 2017, taxas positivas en Galicia agás a *Venta e reparación de vehículos de motor*, que diminúe un 4,3%. A nivel nacional, todos os sectores rexistran taxas positivas.

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 2,7% no mes de decembro. Este incremento débese principalmente ao *Transporte*, que crece o 6,9% e achega 0,9 puntos á taxa de variación do índice xeral, e ás *Actividades administrativas e servizos auxiliares* que, cun incremento do 11,2%, achega 0,7 puntos.


No ano 2017, o índice rexistra un incremento do 7,4%; os sectores con maiores crecementos son *Transporte* (8,4%) e *Comercio* (8,3%).

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 3,6% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 4,4%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.



1.4. Indicadores por comunidades autónomas


No mes de decembro en todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios.

Os maiores aumentos danse en Madrid (7,2%), Castilla - La Mancha (6,5%) e La Rioja (6,2%). As comunidades con menores crecementos son Galicia (1,5%), Cataluña (2,2%) e País Vasco (2,4%).

No ano 2017, Navarra (9,1%), Madrid (8,3%) e Castilla - La Mancha (8,0%) rexistran os maiores incrementos, mentres que Castilla y León (3,4%) e Extremadura (3,5%) amosan os menores crecementos.

Índices de cifra de negocios. Decembro 2017


Taxa de variación en %



2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 2,0% respecto ao mes de decembro de 2016, tres décimas menos que en España.



O persoal ocupado aumenta un 1,4% no *Comercio* e un 2,5% nos *Outros servizos*. Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* achega cinco décimas a taxa de variación do índice xeral, cun incremento do 4,0%; pola contra, na *Venta e reparación de vehículos* diminúe a ocupación (-0,4%).

Nos *Outros servizos* destaca o incremento do 4,0% nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* co que achega seis décimas a taxa de variación do índice xeral.

En España, o persoal ocupado aumenta en todos os sectores. O maior incremento dáse nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (3,9%).

No ano 2017, o persoal ocupado aumenta en Galicia o 2,3% e en España o 2,6%. As *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (4,7%), o *Comercio por xunto* (3,7%) e a *Hostalería* (3,2%) son os sectores con maior crecemento en Galicia. A *Venta e reparación de vehículos* é o único sector no que diminúe a ocupación (-0,6%).

No conxunto do Estado, en todas as actividades aumenta o persoal ocupado. O maior crecemento rexístrase nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (4,3%).


2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas aumentan o emprego no sector servizos no mes de decembro. Os maiores incrementos danse en La Rioja e Cantabria (ambas as dúas 3,8%). As comunidades onde menos crece a ocupación son Extremadura (1,2%) e País Vasco (1,5%).

No conxunto do ano, os maiores crecementos danse en Murcia (4,6%) e Illes Balears (3,8%), mentres que en Andalucía (1,6%) e Castilla y León e País Vasco (ambas as dúas 2,0%) rexístranse as taxas máis baixas.

Índices de persoal ocupado. Decembro 2017

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venta de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (propietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Decembro 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	126,7	1,5	7,8
Comercio	132,1	1,1	8,8
Venta e reparación de vehículos de motor	100,6	-2,5	-4,3
Comercio por xunto	141,2	1,0	11,8
Comercio ao retallo	123,9	2,0	4,1
Outros servizos	108,4	3,0	4,5
Transporte	109,2	0,5	2,6
Hostalería	95,5	0,1	6,7
Información e comunicacións	103,4	3,7	3,9
Actividades profesionais, científicas e técnicas	108,2	4,6	4,8
Actividades administrativas e servizos auxiliares	143,2	11,3	7,6
España			
Xeral	118,2	4,4	6,3
Comercio	119,3	3,9	6,5
Venta e reparación de vehículos de motor	125,2	7,7	9,6
Comercio por xunto	118,0	4,0	7,5
Comercio ao retallo	119,2	2,5	3,5
Outros servizos	116,0	5,2	6,1
Transporte	115,0	4,7	6,5
Hostalería	104,9	3,5	5,0
Información e comunicacións	113,7	3,5	3,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	138,4	8,3	9,6
Actividades administrativas e servizos auxiliares	105,5	5,7	5,8

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Decembro 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	117,9	2,7	7,4
Comercio	126,8	1,2	8,3
Transporte	130,3	6,7	8,4
Hostalería	96,2	0,4	7,1
Información e comunicacións	99,8	3,4	4,7
Actividades profesionais, científicas e técnicas	116,1	2,5	5,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares	139,9	11,2	6,7

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Decembro 2017**

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	118,2	4,4	6,3
Andalucía	114,0	3,2	4,7
Aragón	118,7	2,6	4,3
Asturias	113,1	4,3	4,3
Balears, Illes	100,2	4,2	5,6
Canarias	130,2	5,2	4,5
Cantabria	116,3	5,2	6,4
Castilla y León	117,1	4,9	3,4
Castilla-La Mancha	115,8	6,5	8,0
Cataluña	116,8	2,2	5,9
Comunitat Valenciana	120,8	4,8	7,0
Extremadura	117,6	3,4	3,5
GALICIA	126,7	1,5	7,8
Madrid	119,9	7,2	8,3
Murcia	119,6	4,0	5,0
Navarra	110,4	2,8	9,1
País Vasco	117,7	2,4	4,4
Rioja, La	125,2	6,2	6,2

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Decembro 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	100,0	2,0	2,3
Comercio	96,8	1,4	2,0
Venta e reparación de vehículos de motor	83,2	-0,4	-0,6
Comercio por xunto	94,6	4,0	3,7
Comercio ao retalho	100,8	0,3	1,5
Outros servizos	102,7	2,5	2,5
Transporte	98,9	0,0	0,7
Hostalería	94,5	2,0	3,2
Información e comunicacións	90,7	4,3	2,0
Actividades profesionais, científicas e técnicas	102,1	3,9	1,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares	121,5	4,0	4,7
España			
Xeral	103,4	2,3	2,6
Comercio	102,9	1,9	2,2
Venta e reparación de vehículos de motor	94,0	2,9	2,3
Comercio por xunto	107,3	2,8	2,9
Comercio ao retalho	101,7	1,2	1,7
Outros servizos	103,8	2,6	2,8
Transporte	101,6	2,5	2,7
Hostalería	99,9	1,6	2,4
Información e comunicacións	101,4	3,1	2,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	100,8	2,0	1,8
Actividades administrativas e servizos auxiliares	114,0	3,9	4,3

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Decembro 2017**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	103,4	2,3	2,6
Andalucía	100,4	1,8	1,6
Aragón	101,5	2,1	3,0
Asturias	96,0	1,8	2,1
Baleares, Illes	94,3	2,2	3,8
Canarias	108,7	2,2	3,0
Cantabria	104,0	3,8	3,7
Castilla y León	99,0	2,1	2,0
Castilla-La Mancha	102,0	2,5	2,4
Cataluña	107,7	2,9	3,1
Comunitat Valenciana	106,6	2,4	2,6
Extremadura	103,2	1,2	2,3
GALICIA	100,0	2,0	2,3
Madrid	101,3	2,1	2,2
Murcia	111,7	3,6	4,6
Navarra	108,4	3,2	3,7
País Vasco	104,7	1,5	2,0
Rioja, La	109,9	3,8	3,5

Fonte: INE